

A ALAMEDA DE COMPOSTELA ABRIU OS ACTOS DO CENTENARIO DA EXPOSICIÓN REXIONAL COA PRESENTACIÓN DO LIBRO *SANTIAGO, 1909*



De esquerda a dereita: Juan Conde, Margarita Barral, Xosé Bugallo,
Quique Alvarellos e Xosé Manuel Villanueva

Nun acto ao aire libre na Alameda de Compostela, fronte ao antigo Pavillón do Recreo Artístico e Industrial de 1909, edificio de Antonio Palacios que hoxe acolle á Escola Infantil de Santa Susana, presentouse ao público o libro *Santiago, 1909* de Henrique Alvarellos Casas, co-editado por Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago e que conta cun limiar da historiadora da USC Margarita Barral.

Presidiu o acto o alcalde de Santiago, Xosé Bugallo, e estiveron presentes o xerente do Consorcio de Santiago, Xosé Manuel Villanueva, o responsable de Publicacións e Edicións deste organismo, Juan Conde, a historiadora Margarita Barral e o autor e editor Henrique Alvarellos Casas.



Reproducimos de seguido as palabras de Henrique Alvarellos:

Alcalde de Santiago, xerente do Consorcio, amigas e amigos:

Para un compostelán de adopción coma min, descubrir –como fixen eu ao chegar á cidade de estudante e logo de xornalista, a finais dos oitenta e comezos dos noventa– descubrir as primeiras fotografías daquel Santiago inédito de 1909 foi unha sorpresa ben abraiante.

Ver que o Santiago medieval, solemne, o Santiago eclesial e docente, o da pedra clásica, o da meta dos camiños era, á parte de todo isto, outra cousa: o Santiago capital da iniciativa, da modernidade, da vangarda, da tecnoloxía, e non só meta de camiños senón ao contrario núcleo difusor, durante só uns meses, pero intensos e históricos, dunha idea de Galicia que non tivera precedentes, todo isto engrandecía, e moito, a visión dun desta cidade: historia e arte –dende a Gallaecia romana- xunto á tecnoloxía e industria máis actuais do momento. Pasado e futuro. O século XX, o das grandes transformacións, comezaba en Compostela da mellor maneira coa Exposición Rexional Galega de 1909.

Hai agora un ano estaba claro que había que recuperar todo aquel material. Trátábase do Centenario. E esta data non se podía deixar pasar. Xuntei a miña vocación e profesión de xornalista coa de escritor e coa de editor e púxenme a buscar material. Partín do xa estudado e publicado por Xosé Luís Cabo Villaverde, un dos grandes recuperadores da memoria gráfica da cidade, e logo os traballos e o asesoramento dos especialistas, de historiadores como Margarita Barral, Xosé Ramón Barreiro ou outros.

Unha boa parte das máis de 70 fotografías e ilustracións (algunhas inéditas; a maior parte, moi descoñecidas) que se mostran neste volume teñen un só autor, o fotógrafo Manuel Chicharro (recordemos que Chicharro era xa o artífice do libro *Compostela monumental*, publicado en 1884. O primeiro libro de fotografías impresas editado en Galicia). O legado de Chicharro atópase dixitalizado no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Fomos completando o material gráfico grazas ás facilidades e xenerosidade doutras institucións como o Museo do Pobo Galego, o Arquivo Histórico Universitario ou a Real Academia Galega. Canda eles, a Hemeroteca da USC e o Arquivo do Palacio Real de Madrid (onde se garda a documentación da viaxe de Alfonso XIII á inauguración da Expo) completaron o noso traballo de campo. Entre as publicacións consultadas cómpre subliñar revistas gráficas como *Vida Gallega* nacida en Vigo aquel mesmo ano, ou a madrileña *Nuevo Mundo*. E por suposto os xornais locais, sobre eles, *El Eco de Santiago*.

A búsqueda tiña un fin dobre: por unha banda, atopar a maior parte das fotografías posibles da Exposición Rexional. Por outra, os datos que nos permitisen reconstruír a crónica daquel certame, os antecedentes, a organización, o desenvolvemento e as consecuencias da Expo de 1909.



alvarelos

EDITORA

Velaquí pois o resultado nestas 140 páxinas. Conmemorar esta Exposición é, pensamos, engrandecer e dignificar a todos os galegos. Pois fomos quen, hai cen anos, nun tempo moi precario, cando a cidade contaba con 23.000 habitantes e saía dun século escurísimo, nese contexto de contrarios foi quen, como dicimos, de alzarse e, ambiciosa, poñer en marcha un evento espectacular que abraiaba aos cronistas dos xornais de Madrid e Barcelona, e atraeu o interese dos emigrados nas Américas, dos cidadáns de Compostela e Galicia enteira, dos políticos, da Igrexa, da Universidade, dos empresarios... Houbo unha fusión total de forzas. Porque, como é sabido, nada se consegue se non é así, remando todos cara ao mesmo lugar.

Este traballo foi posible grazas a diferentes axudas: a publicación do libro, en edición coidada e cun tratamento foto por foto para mellorar no posible a súa calidade, foi posible nestes termos coa axuda do Consorcio de Santiago. O proceso previo de documentación recibira un financiamento de Turismo da Xunta de Galicia, financiamento que agradecemos porque abriu as portas a este proxecto, e que ía destinado a ser culminado cunha mostra pública destas fotografías, plan que esperamos poder materializar nos próximos meses.

Os nosos agradecementos deben estenderse, por suposto, aos subministradores do material gráfico e hemerográfico, ao Museo do Pobo Galego, Instituto Padre Sarmiento, Real Academia Galega, Universidade de Santiago e Patrimonio Nacional.

Á historiadora Margarita Barral, responsable do Limiar e asesora deste volume, e a Juan Conde do Consorcio de Santiago.

Sen máis, dicir que este edificio onde estamos non naceu como pavillón da Expo senón como unha sede social de empresarios da cidade que logo, non sen polémica (como queda contado no libro) foi incorporado como pavillón da mostra, Pavillón de Recreo Artístico e Industrial. Inaugurouse tal día coma onte hai cen anos, o 22 de xullo de 1909 nunha velada que se anunciaba así no xornal local *El Eco de Santiago*.

(Páx 33)

Este edificio que hoxe, como sabemos, é escola infantil, tivo moitos usos nestes cen anos. Ata acolleu o cinematógrafo do empresario Isaac Fraga. Eu quero aproveitar esta data especial de hoxe, e este centenario, para pedir ás autoridades que este edificio poida recuperar de novo o seu fin cultural e artístico. Por historia, por estética e por ubicación, esta pedindo a berros.

Feliz Centenario da Exposición Rexional Galega de 1909.

Grazas a todos.



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarelos.info
www.alvarelos.info